

RENACEMENTO - CINQUECENTO

OBRA: **VIRXE DAS ROCHAS**

ESTILO: Renacemento (Cinquecento)

AUTOR: **LEONARDO DA VINCI**

TEMA: Relixioso

CRONOLOXÍA: 1483-1486

TÉCNICA: Óleo sobre táboa (pasado a lenzo)

LOCALIZACIÓN (actual): París (Museo do Louvre)

MEDIDAS: 199 cm x 122 cm

COMITENTE: Confraría da Inmaculada Concepción para a súa capela na igrexa de San Francisco (Milán)



ANÁLISE E COMENTARIO

Existen dúas versións sobre este tema, unha primeira que se atopa no Museo do Louvre e outra posterior que se pode ver na National Gallery de Londres (1492-1508). A escena sitúase nun marco natural pero completamente idealizado. Xunto á arquitectura natural das rochas que simbolizan a firmeza, percíbese unha cova, o curso do río, detalles de plantas e vexetación que se vivifican grazas á auga.

O tema é relixioso, pero a fonte son os evanxelos apócrifos, segundo os cales Xoán cando quedou orfo foi vivir a unha cova estando protexido por un anxo; nela atópano María e Xesús cando estes fuxen cara a Exipto. É novidoso que ningún leve aureola. A escena representa á Virxe, Xesús en ademán de bendecir, San Xoán orante e o anxo. A táboa amósanos a escena encadrada nun arco de medio punto. O deserto tradicional onde ese sitúa o encontro do grupo é substituído por un decorado no que as rochas crean unha perfecta arquitectura natural adornada coas plantas que nela xorden e que recibe vida a través da auga que é tamén foco de luz.

A composición é unha perfecta mostra do equilibrio clasicista que acabará impóndose no S.XVI, sobre todo coas obras de Rafael, admirador de Leonardo. A composición pechada enmárcase nunha pirámide, cuxo vértice superior sería a cabeza da Virxe, que está ladeada e oculta as súas formas corporais baixo amplas roupas e que, nun perfecto escorzo, estende a súa man sobre a cabeza de Xesús. Á dereita da composición, o anxo Uriel coas ás despregadas sinala ao neno San Xoán, ao que a Virxe acolle coa outra man, situado á esquerda da escena. O anxo vóltase cara a fóra, buscando unha relación co exterior do cadro. O Bautista, en posición orante, rende adoración ao Mesías que o bendice, destacado pola súa posición e maior iluminación.

É importante a liña que contornea as figuras e as cores. A precisión do debuxo obsérvase especialmente en varios tipos de flores e especies vexetais como proba dos seus grandes coñecementos botánicos e da súa visión da natureza.

As cores máis utilizadas son o marrón, o negro, o azul e as cores das carnacións. Obsérvanse tanto cores frías (azul, verde, grises, prateados) que se harmonizan con zonas de cores cálidas (laranxa, marróns) que dan vitalidade ás persoas e achegan obxectos (mesmo descobre a cor das sombras). A Virxe viste con cores primarias, un manto azul, cor fría, símbolo da pureza, que cobre un vestido de cor cálida, amarelo símbolo da divindade. O arcanxo Uriel cóbrese cunha intensa cor cálida e primaria vermella, símbolo da paixón, e o seu complementario verde. O recurso da cor é usado tamén para conseguir o efecto de profundidade utilizando tonalidades azuladas, prateadas, cada vez menos detalladas a medida que se alonxan do primeiro plano.

Vese a denominada **perspectiva aérea**, baseada na importancia que adquire a atmosfera e simplificada por Leonardo na fórmula: “canto máis nos afastamos dun lugar, as formas faranse menos nítidas e as cores máis azuis”. A atmosfera que se interpón entre o obxecto e o ollo fai variar a intensidade con que a luz define os corpos e os contornos.

Tratamento das figuras. As personaxes están idealizadas, como é o caso da Virxe chea de tenrura e elegancia, e o propio arcanxo. Xoán Bautista e Xesús son representados espidos como símbolo de pureza. En canto ao volumen, en todas as figuras consegue este efecto de corporeidade que logra mediante claroscuro e a gradación de tons de cor, por exemplo, nas facianas.

Toda a escena está chea de misterio, logrado pola técnica do *sfumato*. Consiste en interponer entre o que mira e as formas esa especie de velo case imperceptible que é a atmosfera. Con isto, os perfís desdébúxanse, fúndense as figuras coa paisaxe e as facianas parecen cheas de misterio como en Uriel. Leonardo crea o sentido do espazo e profundidade mediante os focos lumínicos: un foco de luz parece proceder de fóra, da nosa esquerda, iluminando as figuras sagradas en primeiro plano, creando luces e sombras, modelando as personaxes e os detalles das plantas; e o outro foco de luz natural entra no interior, ilumina as formas que se adiviñan a través das rochas. Entre un foco e outro a luz vaise degradando deixando en penumbra a cova e creando a sensación de espazo.

O ritmo establécese mediante o xogo de miradas e mans, relacións que dan sensación de serenidade e misterio, ao que contribúe toda a composición. María mira a Xoán e este a Xesús. Unha man de María protexe a Xoán e a outra a Xesús, e tanto Uriel como o Mesías sinalan a San Xoán neno. O conxunto esperta sensibilidade pola dozura de María e a inocencia e desnudez dos nenos, misterio pola unión do diviño coa natureza, polo detallismo en prantas e vestiduras elegantes e nobres tanto en María como no anxo.

A obra é complexa en canto a simbolismos. A paisaxe é espiritual, a rocha simboliza a firmeza de Deus. Nas rochas da parte esquerda pinta unha cova que representa o ventre da nai e o paso á outra vida; tamén simboliza a orixe da vida e da resurrección, xa que Cristo naceu nunha cova e foi enterrado nunha cova. O río e a auga simbolizan a pureza e tamén o bautismo e a auga da palabra de Deus (“Todo o que bebe desta auga non terá sede nunca máis”). A anémona da esquerda simboliza a morte, asociada a ela porque nalgúñas iconografías sobre a crucifixión aparece debaixo. Os pétalos vermellos simbolizan o sangue. Tamén aparecen palmeiras, que se asocian co martirio e a santidad.